





ACTIVIDADES  
DOUS  
MIL  
CATRO **04**





O ano 2004 marcou o comezo dunha nova etapa na andaina do Consello Económico e Social de Galicia, un terceiro mandato cuatrienal que, inaugurado en xullo, debe suponer un paso adiante na súa laboura institucional, unha vez consolidado como o instrumento eficaz para a participación da sociedade civil organizada na toma de decisións por parte da Administración galega.

A miña nova responsabilidade como presidente do CES-Galicia arranca coa máxima ilusión para manter o bo facer, o rigor e dilixencia demostrados polas asociacións, entidades e agrupacións representadas no Consello nestes anos.

O “traspaso de poderes”, coa renovación total do Pleno e o nomeamento dos novos membros para os vindeiros catro anos, non afectou á actividade consultiva do organismo. Xunto a aprobación de tres novos informes e a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia correspondente a 2003 –obrigada pola Lei de creación do Consello–, o CES-Galicia aprobou oito dictames sobre outros tantos proxectos normativos remitidos polo Goberno autonómico.

Nesta Memoria de actividades incluímos, como en anteriores ocasións, a relación de membros, as sesións dos órganos colexiados e os actos institucionais xunto cos traballos aprobados ó longo do ano polo Pleno a texto completo, co obxecto de facilitar a consulta dos seus contidos.

Confío en que esta publicación sexa útil e contribúa á dar a coñecer o traballo deste organismo e ó cumprimento da finalidade para que foi creado o Consello Económico e Social: ser un ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socioeconómica e facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica, social e cultural

*Pablo Egerique Martínez*  
PRESIDENTE DO CES-GALICIA

A actividade do Consello Económico e Social de Galicia en 2004 estivo marcada polo remate do segundo mandato e o inicio do seu terceiro período cuatrienal de actividade, co relevo dos seus membros e o nomeamento dun novo presidente. O Pleno de toma de posesión dos membros e do novo presidente do CES, Pablo Egerique Martínez, tivo lugar na sede do organismo o día 2 de xullo, coa presenza do presidente da Xunta de Galicia.

O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou, nas nove sesións que celebrou no ano, oito dictames, tres informes e maila súa Memoria sobre a situación económica e social:

- Dictame 1/04. Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas de mobilidades das terras obxecto de concentración parcelaria de Galicia.
  - Dictame 2/04. Dictame sobre o anteproxecto de Lei reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Dictame 3/04. Dictame sobre o anteproxecto de Lei de ordenación vitivinícola de Galicia.
  - Dictame 4/04. Dictame sobre o anteproxecto de Lei de ordenación da minería de Galicia.
  - Dictame 5/04. Dictame sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 9/2002, do ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
  - Dictame 6/04. Dictame sobre o anteproxecto de decreto polo que se dictan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Dictame 7/04. Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas tributarias e de réxime administrativo.
  - Dictame 8/04. Dictame sobre o anteproxecto de Lei de fundacións de interese galego.
- Informe 1/04. O financiamento do sistema universitario galego.

- Informe 2/04. Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. IV.- Áreas funcionais de Monforte e O Barco.
- Informe 3/04. Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. V.- Áreas funcionais de Ourense e Verín.
- Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2004.

Todos estes traballos están incluídos, a texto completo en formato pdf neste disco.

A Comisión Permanente do CES celebrou en 2004 un total de 11 sesións.

O maior número de sesións neste ano correspondeu á Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e sectores productivos*, con un total de 14 reunións. Entre outras tarefas, foi a encargada da afrontar, na súa calidade de competente por razón de materia, a totalidade dos dictames solicitados ó Consello neste ano desde a Xunta de Galicia. A CS-1 estivo presidida pola representante do Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

A Comisión Sectorial nº 2, *Sector público e benestar social*, adicou a meirande parte das súas tres sesións á elaboración final e remate do informe sobre o financiamento do Sistema Universitario Galego, comezado no período anterior. A presidencia rotativa da CS-2 correspondeu en 2004 ó representante da CIG.

Os traballos relacionados coa artellación territorial son competencia da Comisión Sectorial nº 3, *Desenvolvemento rexional*, que celebrou 5 sesións en 2004. Neste ano levo adiante dous novos informes da serie sobre as áreas funcionais de Galicia, os correspondentes ás áreas de Monforte, O Barco, Ourense e Verín. A CEG foi a entidade encargada de presidir a CS-3 este ano.

A elaboración dun informe anual sobre a situación económica e social de Galicia está encargada especificamente á Comisión Sectorial nº 4, *Memoria sobre a situación socioeconómica*. A comisión celebrou este ano cinco reunións para aprobar a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2004. A presidencia desta comisión foi para CC.OO.

Como en anos anteriores, o presidente foi o representante institucional do Consello diante da sociedade, da Xunta de Galicia o doutros organismos. En 2004 consolidouse a participación do CES-Galicia na rede transnacional atlántica (RTA) dos consellos económicos e sociais (agrupa a organismos de España, Portugal, Francia e o Reino Unido), con aportacións aos distintos grupos de traballo.

A xestión económico administrativa do Consello en 2004 pode resumirse no seguinte cadro:

**CES-Galicia: balance de situación a 31/12/04**

<b>ACTIVO</b>	<b>86860006 €</b>	<b>PASIVO</b>	<b>86860006 €</b>
Mobiliario		Patrimonio	
Informática		Facenda acreed.	
E. transporte		Seguridade Social	
Amort. inmob.		Muface	
Créditos persoal		Dereitos pasivos	
Banco		Ingresos anticipados	

O **Centro de Documentación** e Apoio ao Consello, no seu labor de canalizar as necesidades informativas que xera a actividade do CES, continuou en 2004 a súa aproximación ao concepto de biblioteca híbrida, na que teñen a mesma importancia os fondos propios (biblioteca, hemeroteca, colección de materiais dixitais) como os fondos localizables externamente a través das novas tecnoloxías, independentemente da súa ubicación ou o seu formato.

O Centro xestiona unha colección bibliográfica especializada na economía e a sociedade galegas e encárgase da adquisición de novas fontes de información para facilitar os traballos das distintas comisións sectoriais. Case tres mil monografías e 148 publicacións periódicas están disponibles a 31 de decembro de 2004.

Durante este ano, o **Boletín-e** consolidouse como o principal produto do Centro de Documentación do CES-Galicia, tentando dar resposta ó triple obxectivo con que foi creado: informar das novidades chegadas ó Centro, dos últimos traballos aprobados polo Consello e polos outros CC.EE.SS e das novidades aparecidas en internet no campo dos recursos de información, en particular a socioeconómica. Enviado vía correo electrónico, foron remitidos 17 números, do 16 ao 32, a máis de 165 suscriptores.

Na actividade deste departamento é importante a colaboración con outros centros de documentación. En maio de 2004, o CES de Canarias albergou a segunda edición das Xornadas de Documentación dos CES, con participación galega. A terceira edición do encontro, previsto para 2005 pero aínda sen data, celebrarase en Galicia.